



Galicia

GALICIA

LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA
polo TEU

ÚNETE

ISSN 1989-3299

Nº 729 Semana do 8 ao 14 de maio de 2017

HAI QUE MODIFICAR OS PXE 2017 PARA QUE ATENDAN AS NECESIDADES SOCIAIS



Redacción.- A secretaria confederal de UGT, Isabel Araque, apelou á responsabilidade dos grupos parlamentarios, “que colaboren cos sindicatos para modificar os PXE 2017, posto que o eixo das contas públicas debe ser a creación de emprego estable, garantir o financiamento e solvencia das pensións, os servizos públicos e, en definitiva, as necesidades sociais que, a día de hoxe, ten este país”.

Araque fixo estas declaracións unha vez que UGT e CCOO rexistraron no Congreso un documento coas propostas sindicais para modificar as contas públicas. Neste acto foron acompañados por representantes de distintos partidos políticos.

A secretaria confederal precisou que “o Goberno do PP ten un obxectivo claro, que ademais foi ratificado polo propio presidente Mariano Rajoy, seguir mantendo as súas políticas de recorte e os PXE para o ano 2017 veñen garantir que se cumpra ese obxectivo”. Así, estes Orzamentos “son continuistas e abrochan un modelo económico inxusto, desigual e que, en absoluto, veñen corrixir,

nin liquidar as necesidades das persoas”.

Araque sinalou que isto se comproba analizando os grandes bloques das contas públicas e as súas contías: recórtase en case un 5% a partida de emprego, e case un 8% as prestacións destinadas aos desempregados. Isto vai provocar “unha freada na creación de emprego e vai propiciar unha subida da taxa de paro”. Ademais, as partidas destinadas a gasto público teñen unha subida practicamente insignificante (en educación o orzamentos tan só sobe un 1,6% e en sanidade pública un 2,3%).

Por outra banda, os investimentos, que deberían ser a gran aposta do Goberno, xunto co gasto público, directamente perden en global máis dun 3,3%.

Ademais, o Goberno tampouco incentiva o necesario cambio de modelo produtivo. “Esperabamos un xesto, un paso adiante, do que deben ser os investimentos nas políticas industriais e nada máis lonxe da realidade: no canto de aumentarse

as partidas recórtanse en 11 millóns de euros”, dixo Araque.

En definitiva, “non son uns PXE que se reorganicen para un eixo social”, nin liquidan os problemas da xente.

As propostas deben realizarse na mesa de negociación

Respecto das declaracións do presidente da CEOE, Juan Rosell, en relación á negociación do Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva, Araque sinalou que as propostas que queira facer debe expolar na mesa de negociación e non a través dos medios de comunicación. Neste sentido, sinalou que corresponde á patronal convocar esa mesa para empezar a negociar.

“Nós non somos sindicalistas que negocien a través de medios de comunicación, sentámonos na mesa e sempre estivemos dispostos a negociar. Unha negociación que na mesa aínda non se produciu”.

FICA-UGT NON DESCARTA OUTRAS MEDIDAS DE PRESIÓN PARA ACADAR UN ACORDO SATISFATORIO PARA OS 20.000 TRABALLADORES DO SECTOR NA PROVINCIA DE A CORUÑA

CENTOS DE DELEGADOS DENUNCIAN EN A CORUÑA O BLOQUEO DA NEGOCIACIÓN DO CONVENIO PROVINCIAL DE METAL

Xa van máis de dous anos de negociación e neste período a patronal só se dedicou a dilatar o proceso

Redacción.- A Federación galega de Industrias, Construción e Agro (FICA-UGT) informa que o pasado martes centos de delegados, convocados por UGT, CCOO e CIG, concentráronse fronte á sede de Imasa en A Coruña para denunciar o bloqueo de negociación do convenio de siderometalúrxia da provincia de A Coruña que afecta a 20.000 traballadores. Lembrar que esta concentración dá continuidade a un proceso mobilizador iniciado xa en abril, cunha concentración en Ferrol, á que lle seguiu outra concentración o pasado 4 de maio en Santiago.

FICA-UGT denuncia que a dilación neste proceso negociador é xa insostible, xa hai máis de dous anos e medio que comezaron as negociacións para un convenio que caducou en decembro de 2015.

Neste longo período, a patronal só se adicou a poñer pedras no camiño e a dilatar o proceso negociador, facendo oídos xordos ás propostas sindicais e tratando de impoñer en cada un dos encontros medidas regresivas para os 20.000 traballadores afectados.

Para FICA-UGT, hai materias de negociación de vital importancia para os traballadores. Trátase dos incrementos salariais e a cláusula de revisión; a distribución irregular da xornada; ou todo o relativo a licenzas, entre outras cuestións.

FICA-UGT alerta que o tempo de negociación está chegando ao seu fin e insiste en que non se vai renunciar a ningunha me-



didada de presión que permita pechar un acordo satisfactorio e xusto para os 20.000 traballadores do metal da provincia de A Coruña.

O PROXECTO “A VIDA NO ACUARIO”, DO CEIP SERRA DE OUTES, PRIMEIRO PREMIO INNOVACIÓN EDUCATIVA ESCOLA VIVA

Redacción.- O proxecto “A vida no acuario”, de Sonia Sánchez Guerra, do CEIP da Serra de Outes, ven de gañar o primeiro premio á innovación educativa “Escola Viva”, convocado por FeSP-Ensino e o movemento educativo Escola Viva. O fallo do xurado deuse a coñecer este mércores aos medios de comunicación polo presidente de Escola Viva, Raúl Gómez, e Paula Rodríguez, de FeSP-Ensino.

Ambos destacaron a alta participación con máis de 40 traballos de centros de todo tipo, institutos, de educación infantil ou primaria, así como, a diversidade dos proxectos presentados.

O proxecto galardoado co primeiro premio, “A vida no acuario”, é un traballo adicado á diversidade (para o alumnado con necesidades especiais na linguaxe), partindo dunha idea da UNESCO.

O segundo premio foi para “A cooperativa Riomaioir, a cooperación fai a unión”, de Beatriz Somoza e Verónica Paz, do CEP Riomaioir de Santa Cristina de Cobres (Vilaboa). Neste caso, trátase dun proxecto en galego e inglés que abrangue todas as áreas da educación primaria e no que se abordan temas de actualidade.



Ademais, o xurado decidiu outorgar tres accésitos para premiar a calidade e o esforzo dos mestres: “Divertipatio”, de César Ramos do CEIP Barrié de la Maza de Santa Comba; “A pedra do encanto”, do CEIP San Roque-Corón de Vilagarcía; e “Educación viaria e robótica”, do CEIP Frián-Teis, de Vigo.

FICA-UGT APOIA A FOLGA CONVOCADA EN ALCOA-CORUÑA OS DÍAS 1, 2 E 3 DE XUÑO

Redacción.- A Federación galega de Industrias, Construción e Agro (FICA-UGT) amosa o seu apoio á convocatoria de folga na fábrica de aluminios de Alcoa en A Coruña para os días 1, 2 e 3 de xuño para denunciar a situación de bloqueo, por parte da patronal, da negociación do novo convenio colectivo.

Foi o pasado luns cando os traballado-

res da factoría coruñesa se reuniron en asemblea e, a consecuencia da parálise e bloqueo que a dirección da empresa está impoñendo no proceso de negociación do novo convenio, decidiron convocar tres xornadas de folga.

FICA-UGT considera que a empresa ten marxe para abordar as negociacións con outro talante e outras formas, co fin de



avanzar nas mesmas e pechar así un convenio que garanta unhas condicións dignas para todos os traballadores de Alcoa-Coruña.

Centos de persoas concentráronse en Vigo este xoves para reclamar o indulto para Carlos e Serafín



NOVO CONVENIO PARA GRANDES ALMACÉNS

Redacción.- Os sindicatos UGT, CCOO, Feticio e Fasga e a patronal ANGED formalizaron esta semana, nun acto institucional celebrado na sede do CES, a posta en marcha do novo Convenio Colectivo de Grandes Almacéns -a firma oficial tivo lugar o pasado 27 de abril-. O convenio, (2017-2020), afectará a 260.000 traballadores de toda España.

UGT, tras un dilatado proceso de intensa negociación para conseguir melloras substanciais nas condicións dos traballadores do sector de grandes almacéns, logrou o seu obxectivo: recuperar dereitos e poder adquisitivo para os profesionais deste sector.

Tres meses de intensa negociación coa patronal ANGED, onde a plataforma reivindi-

cativa de UGT marcou, desde o principio, un obxectivo prioritario que pasaba por restablecer unhas condicións laborais mínimas dentro do sector, as cales se foron degradando ao longo dos últimos oito anos, con convenios que nunca foron avalados por UGT. Dentro das melloras que contempla este novo convenio, son destacables: unha distribución de traballo mellorada: redución de traballo obrigatorio en domingos e festivos, da xornada anual e días de traballo continuados; repartición equitativa e consolidación de horas complementarias en tempos parciais; maior poder adquisitivo por incrementos salariais; melloras sociais en forma de licenzas e excedencias e, por último, que non penalice a IT en enfermidades oncolóxicas e diálises.

UGT PRESENTA AO GOBERNO AS SÚAS PROPOSTAS PARA A MESA DE EMPREGO E CALIDADE DO EMPREGO

Redacción.- O secretario de Política Sindical de UGT, Gonzalo Pino, e o secretario de Acción Sindical de CCOO, Ramón Górriz, enviaron ao secretario de Estado de Emprego, Juan Pablo Risco, no marco da Mesa de Emprego e Calidade no emprego, un documento conxunto coas propostas sindicais, tal e como se lles solicitou.

No mesmo, realizábase un diagnóstico da situación actual e propoñíase medidas específicas, como unha nova regulación da contratación laboral para garantir a estabilidade no emprego e reforzar a excepcionalidade da contratación temporal, regular as condicións de realización de prácticas non laborais ou medidas específicas para evitar os abusos das empresas multiservizos.

Así mesmo, propoñen endurecer as actuais facilidades do despedimento ou reforzar a negociación colectiva, recuperando o equilibrio nas relacións laborais.

Ambos os sindicatos afirman que non é posible falar aínda de recuperación nin de saída da crise para todos. É máis, a consecuencia da crise e as políticas de recorte que se impuxeron, hoxe hai máis paro, de maior duración e con menor protección; o emprego é máis precario; caeron os salarios e a renda das familias e aumentaron as desigualdades e ao pobreza.

Demandan cambios cualitativos no mercado de traballo para conseguir que o crecemento da actividade tradúzase en creación de máis e, sobre todo, mellor emprego, máis estable, seguro, igualitario e produtivo. Para iso, realizan unha serie de propostas xerais (entre elas, a loita contra o paro e a creación de emprego de calidade,

a derogación das reformas laborais, recuperar e mellorar o poder de compra dos salarios, fortalecer a negociación colectiva e establecer medidas para ampliar e mellorar o tecido empresarial e conseguir o crecemento sustentable), e propostas específicas que esixen reformas normativas ou novas regulacións que impulsen o mantemento, a creación e a mellora do emprego.

Neste sentido, propoñen: unha nova regulación da contratación laboral que garanta a estabilidade no emprego e reforce a excepcionalidade da contratación temporal causal. Neste apartado demandan medidas como: eliminar o contrato indefinido de apoio aos emprendedores, por ser un contrato temporal encuberto; incrementar de maneira significativa a cotización á Seguridade Social dos contratos temporais, especialmente aquela de moi curta duración ou reforzar a esixencia do principio de igualdade entre traballadores temporais e indefinidos.

Así mesmo, UGT e CCOO esixen a redución da xornada de traballo con carácter universal a 35 horas semanais, sen que exista redución salarial; modificar a actual regulación do contrato a tempo parcial; e revisar e regular tamén o contrato formativo, e as condicións de realización de prácticas non laborais, que se deben vincular sempre a un programa de formación e a súa duración debe ser proporcional ás características e duración do programa correspondente. Neste sentido, esixen derogar o RD 1543/2011 polo que se regulan as prácticas



non laborais en empresas, que constitúe a precarización do contrato en prácticas; eliminar as prácticas extracurriculares do RD 592/2014, pois non se xustifican dada a variedade e diversidade de modalidades de contratación e acordar un "Estatuto do bolseiro e estudante en prácticas".

Outras propostas específicas que realizan UGT e CCOO fan referencia á formación dual, á revisión dos incentivos á contratación, á necesidade de fixar medidas eficaces para garantir os dereitos laborais dos traballadores que traballan en contratas, subcontratas e empresas multiservizos, garantir un marco xurídico adecuado que priorice a flexibilidade interna fronte á externa nos convenios colectivos e medidas para desincentivar o despedimento dos traballadores. Neste sentido, afirman que hai que "impedir que empresas con beneficios poidan xustificar despedimentos en base a unha previsibilidade de perdas ou unha caída das vendas".

Así mesmo, ambos sindicatos inciden nunha serie de medidas para fomentar a igualdade de trato e oportunidades e non discriminación no ámbito laboral e social.

A PRESIÓN SOCIAL, IMPRESCINDIBLE PARA CAMBIAR AS POLÍTICAS DE AUSTERIDADE E A REGULACIÓN LABORAL

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, puxo en valor o libro que se presentou sobre “Precarización e empobrecemento da poboación traballadora en España”, coordinado por Inmaculada Cebrián e editado pola Universidade de Alcalá en colaboración coa Fundación Francisco Largo Caballero porque “ofrece análises rigorosas sobre a situación real que atravesamos, e axuda por tanto a fixar un diagnóstico certo, que sirva como punto de partida para adoptar medidas eficaces”. Unhas medidas que non deben caer en saco roto.

Neste sentido, Pepe Álvarez afirmou que é necesario cambiar as políticas “erróneas e inxustas” que nos levaron a un panorama de “precariedade xeneralizada e desigualdade e pobreza crecentes”. Cambios que deberían ser consensuados pero que, de momento, non hai expectativas de que sexa así, pois “non compartimos nin co Goberno, nin coa patronal, nin o diagnóstico nin as liñas de actuación a desenvolver”. Por iso, os sindicatos mobilizámonos e é necesaria a presión social, para que os gobernantes entendan que o espolio terminou e comece “unha recuperación que debe chegar a todos e a todas”.

Nunca o emprego foi de tan baixa calidade

Álvarez, que fixo estas declaracións durante a súa intervención no acto de presentación deste libro, afirmou que nunca o emprego foi de tan baixa calidade, tan inestable, inseguro, mal pago e carente de expectativas de futuro, como na actualidade, e destacou que “pasamos dun pro-

blema de dualidade de indefinidos-temporais, a un de precariedade xeneralizada”.

Así, tras a reforma laboral de 2010, que “iniciou o camiño”, e logo a de 2012, que “dinamitou o noso modelo de relacións laborais”. O mercado de traballo é xa un dos máis precarios e desiguais de Europa. A taxa de temporalidade é xa do 25,7%, a rotación laboral disparouse (1 de cada 4 contratos temporais dura menos de 7 días), o 36,5% dos contratos indefinidos asinados non duran máis dun ano (é dicir, teñen pouco de indefinidos), o emprego a tempo parcial converteuse nunha forma do emprego barato, hiperflexible e involuntario e cada ano realízanse uns 180 millóns de horas extraordinarias non pagas, o que supón unha perda para os traballadores de 2.800 millóns de euros ao ano.

A todo isto súmase o impacto de novas formas laborais, como as empresas multiservizos que están a tirar á baixa as condicións laborais de miles de traballadoras e traballadores; os falsos autónomos; ou moitas novas plataformas de negocio, que se encadran na xenericamente chamada economía colaborativa, e que tan só buscan a obtención de beneficios en base á completa desregulación e desprotección das persoas que prestan o servizo (traballadores encubertos).

Álvarez tamén se referiu á desvalorización salarial que se produciu estes anos. “Para o 10% que menos cobra, os salarios caeron ata un 20% en termos reais, e, desde 2008 a 2016 as rendas dos asalariados diminuíron en 33.679 millóns de eu-



ros, un 6,1%, mentres que os excedentes empresariais aumentaron en 7.850 millóns de euros, un 1,7%.

Así mesmo, destacou a alarmante situación dos 4,2 millóns de persoas desempregadas, das que só un 45% cobra algunha prestación. Así, a “cobertura que é 20 puntos inferior á que había hai sete anos”.

O secretario xeral de UGT quixo deixar claro que todo isto é froito dunha estratexia deliberada, “un tornado neoliberal” que se formou en 2010 coa posta en marcha das políticas de austeridade extrema e que arrasou co mercado laboral dos países do sur de Europa, co consentimento sumiso e devoto dalgúns gobernos.

Por iso, é preciso un xiro na política en Europa e que os partidos progresistas retomen o rumbo da UE, impulsando políticas que velen polas persoas e polo interese xeral. É preciso “un novo contrato social que recupere o benestar e o equilibrio en Europa” e incorporar os novos retos, como é a dixitalización da economía.

UGT e CCOO presentan o manifesto e os actos en solidariedade cos presos palestinos

Redacción.- Con ocasión da conmemoración da Nakba, o próximo 15 de maio, e en recordo da catástrofe que sufriron os palestinos coa expulsión de 800.000 persoas dos seus fogares en 1948 cando se estableceu o Estado de Israel, numerosas organizacións, entre elas UGT e CCOO, manifestan a súa solidariedade co pobo palestino e, particularmente, cos prisioneiros políticos en folga de fame desde o pasado 17 de abril.

Máis de 1.600 presos políticos palestinos están en folga de fame neste momento nunha acción sen precedentes como protesta polas condicións infrahumanas nas que viven. Ante

as humillacións, torturas, carencia de atención sanitaria, alimentaria e educativa, os presos políticos palestinos, como en ocasións anteriores, tomaron a firme determinación de realizar unha folga de fame ata que as súas xustas peticións sexan atendidas.

Despois de tres semanas desta terrible folga de fame en condicións extremas, a resposta das autoridades israelís foi o aumento de medidas represoras, disciplinarias, o illamento dos presos.

Dada a gravidade da situación, as organizacións asinantes condenan e denuncian as

violacións dos dereitos humanos que se están producindo con estes presos e expresan a súa preocupación pola súa situación. Ademais, instan o Goberno israelí a que cumpra as normas prescritas polo dereito internacional humanitario e esixen que se levanten as restricións ás comunicacións e visitas dos seus familiares, avogados ou médicos.

Por outra banda, estas organizacións requiren ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación de España que manifeste a súa preocupación pola gravísima violación dos dereitos humanos que se está producindo en relación aos presos políticos palestinos.

UGT ESIXE PROTEXER OS DEREITOS DOS CIDADÁNS EUROPEOS TRAS O BREXIT

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, trasladoulle ao negociador xefe da Unión Europea, Michel Barnier, as inquietudes do sindicato en relación ao Brexit e as propostas de UGT para asegurar os dereitos dos cidadáns europeos.

Para Álvarez, a Unión Europea (UE) “terá que tomar as medidas necesarias para que o impacto do Brexit no mercado de traballo sexa o menos traumática posible para os cidadáns europeos e, en especial, para os dereitos dos preto de 200.000 españois que residen en Reino Unido”.

Neste sentido, Pepe Álvarez considerou que “as persoas non deben pagar o prezo das decisións políticas no Reino Unido, xa que todo fai pensar que así será”.

Por iso, Pepe Álvarez afirmou que “o sindicato vai facer todo o que estea na súa man para defender os intereses dos traballadores comunitarios. UGT négase a que na mesa de negociación só estean presentes os intereses comerciais” e, por iso,

esixirá que os sindicatos sexan un axente activo nas negociacións e potenciará a coordinación e colaboración cos sindicatos británicos e coa Confederación Europea de Sindicatos (CES).

Ademais, “UGT reclama unha Unión que afronte o drama do paro, da precariedade, da pobreza e da desigualdade, que se preocupe de asegurar unhas condicións de vida e traballo xustas e saiba afrontar os novos retos sociais, laborais e económicos”.

E ao Goberno español esíxelle que “defenda os intereses dos traballadores e as traballadoras españolas e non volva acordar un tratado comercial favorable ao capital que deixe na cuneta ás persoas, como fixo ao subscribir o vergoñoso acordo do Consello da UE con Reino Unido, asinado antes do referendo”.

Pepe Álvarez tamén trasladou a Michel Barnier a preocupación concreta do sindicato polos 18.000 traballadores españois



empregados no Peñón de Xibraltar e pediu que se defendan os dereitos e condicións destes traballadores.

Todo iso co fin de lograr unha UE máis solidaria, coherente e máis humana, que dea pasos máis decididos cara a unha Europa dos cidadáns e as cidadás. Unha Europa Social que anteponha os intereses dos seus cidadáns fronte aos intereses económicos, que poña por diante os dereitos das persoas fronte aos intereses das corporacións e as empresas e que loite, promova e defenda os dereitos dos seus cidadáns, especialmente dos máis desfavorecidos.

UGT RECLAMA UNHA EUROPA MÁIS XUSTA, SUSTENTABLE E SOLIDARIA QUE GARANTA OS DEREITOS DAS PERSOAS

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores reclamou unha Europa máis xusta, sustentable e solidaria con motivo do Día de Europa que se celebrou o pasado día 9 de maio. O sindicato reclamou máis instrumentos fiscais e económicos que melloren as condicións de traballo, os salarios e a negociación colectiva de todos os cidadáns da UE; unha lexislación común que garanta os dereitos dos traballadores europeos en igualdade; e un verdadeiro alicerce social que converta este espazo na Europa do crecemento sustentable, da repartición xusta da riqueza, da solidariedade, a igualdade e a loita contra a corrupción e a pobreza.

67 anos despois de que o nove de maio de 1950, Robert Schuman fixese pública a declaración solemne redactada con Jean Monnet, para dar os primeiros pasos dunha unión de países en prol da paz e a cooperación comercial, un dos aspectos máis significativos da Unión, a Europa social, segue sen ser unha realidade.

A Unión Xeral de Traballadores, desde as distintas institucións nas que participa como interlocutor social, quere lembrar neste día que as nosas demandas seguen sendo as mesmas: crear instrumentos fiscais e económicos que melloren as condicións de traballo, os salarios mínimos e a negociación colectiva para todos os cidadáns da Unión Europea e

crear unha lexislación común que garanta os dereitos dos traballadores europeos en igualdade de condicións.

Ás voltas coas propostas da Comisión Juncker para o Alicerce Europeo de Dereitos Sociais e do Libro Branco sobre o Futuro de Europa, o noso sindicato está a traballar para facer achegas no seo da CES e noutros para que a dimensión social europea deixe de ser unha frase oca e sexa unha realidade para todos os pobos da Unión. Por iso pedimos:

* Elementos lexislativos concretos que melloren as condicións de traballo e atallen a precariedade do emprego.

* Salarios mínimos suficientes e dignos, que non coloquen aos traballadores en franxas de pobreza ou exclusión social.

* Coordinación e protección da negociación colectiva, que tan duramente foi atacada polo Consello e a propia Comisión en anos anteriores.

* Un verdadeiro alicerce social que non sexa subsidiario da política da Unión Económica e Monetaria (UEM), senón independente da mesma, para todos os países da UE, e que vertebre o continente de igual maneira que outras políticas comúns.

* Un alicerce social que non estea subrogado ao semestre europeo, senón que, ao contrario, teña suficiente dotación orzamentaria para levar a cabo os obxectivos e sirva para corrixir a aquel na súa fixación austericida.

* Unha auténtica economía social de mercado, programada e executada coa inclusión de índices como as taxas de desemprego dos países, a calidade deste, ou o índice Gini nos procedementos de desequilibrio económico.

Para UGT, celebrar o Día de Europa non é só o recordatorio da efeméride, senón un momento clave para lembrar os principios da Europa que queremos. Unha Europa do crecemento sustentable, a repartición xusta da riqueza, da solidariedade, da igualdade, da loita contra a corrupción, contra a xenofobia e o odio. Unha Europa acolledora que promova e exemplifique os dereitos humanos e na que a cidadanía colabore polo ben común. Unha Europa que, fronte á dos últimos anos, -durante os que se prometeron demasiadas cousas que en pouco ou nada beneficiaron á maioría dos e as cidadás-, deixe de ser un conxunto de palabras ocas para pasar a ser un acervo de políticas e instrumentos dedicados a erradicar as desigualdades, a pobreza e o desemprego para ter unha Europa próspera.